



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Xinzo Norte (concello de Sarreaus, Ourense), promovido por Torre de Hércules, S.L., clave 2011/0062,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "*Documento de inicio*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto non afectaría a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo co "*Documento de inicio*" o proxecto situaríase xusto nos cumios que separan as zonas NO e SE da ZEPA de A Limia, que, sorprendentemente para un estudio datado en febreiro de 2011, aínda non aparece identificada como tal malia ter sido declarada ZEPA en novembro de 2009.
3. Que, de acordo co "*Documento de inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), no Anexo I da Directiva Aves e na información bibliográfica máis recente e detallada da zona (Villarino et al., 2002; González e Villarino, 2003), o proxecto podería afectar a 18 especies de vertebrados catalogadas (*Rana iberica*, *Ciconia ciconia*, *Pernis apivorus*, *Milvus migrans*, *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Hieraetus pennatus*, *Falco peregrinus*, *Tetrax tetrax*, *Otis tarda*, *Burhinus oedicephalus*, *Vanellus vanellus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*).

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o proxecto Parque Eólico Xinzo Norte (concello de Sarreaus, Ourense), promovido por Torre de Hércules, S.L., clave 2011/0062 se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Rana iberica*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Ciconia ciconia*, *Pernis apivorus*, *Milvus migrans*, *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Hieraetus pennatus*, *Falco peregrinus*, *Tetrax tetrax*, *Otis tarda*, *Burhinus oedicephalus*, *Vanellus vanellus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos



hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.

- c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
2. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2011

BIBLIOGRAFÍA CITADA

Villarino, A., González, S., Bárcena, F. 2002. Vertebrados da Limia: dende a lagoa de Antela ós nosos días. I. Aves: Gaviiformes a Piciformes. Limaia Edicións.

González, S., Villarino, A. 2003. Criterios científicos ornitológicos para la declaración como ZEPA de la IBA 008 «A Limia» (Ourense, España). En: Actas V Congreso Galego de Ornitoloxía, (S. González, coord.), pág. 165-173. Sociedade Galega de Historia Natural, Santiago de Compostela.